



CONVOCATORIA ABERTA DE 95 ESTADÍAS EN EMPRESAS EUROPEAS PARA PRÁCTICAS DESTINADAS A TITULADOS RECENTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA 2010-2011

A Universidade da Coruña en colaboración coa Deputación da Coruña convoca 95 estadías DE prácticas para titulados recentes da UDC en empresas de Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido, Polonia e Bulgaria dentro do programa Leonardo da Vinci “Prácticas HAC LUCE”.

1. FINANCIAMENTO

As estadías financiaranse con cargo á partida 9835422D48301, por UN importe total de 224.773,30 euros, de fondos procedentes do programa europeo Leonardo da Vinci, complementados con achegas da Deputación da Coruña e da propia UDC.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguen son estes:

- a) Completar a formación teórica recibida polas persoas participantes coa experiencia práctica en empresas europeas especializadas en sectores emerxentes de emprego.
- b) Mellorar as posibilidades de emprego das persoas participantes.
- c) Obter a acreditación das competencias profesionais mediante o documento Europass-Mobility, o certificado do curso de idiomas e o diploma da empresa de acollida.
- d) Adquirir e mellorar as competencias lingüísticas, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións...)
- e) Contribuír ao desenvolvemento profesional, persoal e social das persoas participantes como cidadáns de Europa por medio do fomento da interculturalidade.

3. DESTINOS E DURACIÓN DAS PRÁCTICAS

A distribución por destinos será a seguinte:

- Alemaña: 10
- Francia: 17
- Italia: 16

- Portugal: 10
- Reino Unido: 16
- Polonia: 10
- Bulgaria: 16

A duración das estadias será de 14 semanas, das que a primeira será de adaptación sociocultural e as 13 restantes de prácticas na empresa. As saídas dos beneficiarios realizaranse de acordo co indicado na correspondente resolución da concesión. Antes do inicio do goce da bolsa as persoas beneficiarias realizarán un curso de asistencia obrigatoria no Centro de Linguas da Universidade da Coruña, de 30 horas de duración.

4. IMPORTE DAS AXUDAS

A contía das axudas para cada estadia varía segundo o país de destino e está condicionada, en todo caso, ao número de prazas adxudicadas. En calquera caso estas irán destinadas a cubriren parcialmente os seguintes conceptos:

- a) Busca da empresa
- b) Gastos da viaxe (ida e volta) ao país de destino
- c) Gastos de aloxamento. O aloxamento realizarase en residencias de estudantes, pisos alugados ou con familias e en cuartos xeralmente compartidos.
- d) Axuda para a manutención
- e) Titoría durante as prácticas
- f) Preparación lingüística personalizada mediante un curso intensivo do idioma correspondente de 30 horas no Centro de Linguas da Universidade da Coruña
- g) Seguro de accidentes e responsabilidade civil

5. PAGAMENTO DAS AXUDAS

O pagamento das axudas efectuarase cando se reciba o certificado de chegada e realizarase ás persoas adxudicatarias, que poderán, de xeito individualizado, ceder o importe do crédito correspondente polos posibles concertos ou acordos que puidera ter este programa de axudas.

6. REQUISITOS DE ELIXIBILIDADE DAS PERSOAS SOLICITANTES

Son requisitos para poder optar a estas prazas os que aparecen a continuación:

- a) Ser titulado/a da Universidade da Coruña.
- b) Ter coñecementos de inglés e/ou do idioma do país seleccionado.

O nivel do idioma será acreditado mediante unha proba de coñecemento realizada nas instalacións da UDC, para a cal a persoa

solicitante será previamente convocada. A cualificación será de apto/a ou non apto/a.

c) Non ser xa beneficiario/a do programa Leonardo da Vinci con anterioridade.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A adxudicación das prazas farase con base nos seguintes criterios:

a) Nota media simple do expediente académico da titulación obtida na Universidade da Coruña, calculada de acordo coa Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Ordenación Universitaria con data de 15-03-2005. En caso de que se obtivesen varias titulacións, considerarase só a de media máis alta.

b) Nivel do idioma esixido polo país de acollida

c) Adecuación da titulación ao ámbito da práctica solicitada.

d) Entrevista

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Esta convocatoria permanecerá aberta dende o día seguinte ao da súa publicación ata o 31 de outubro de 2010, con estes prazos de presentación:

a) Prazo de presentación para a primeira resolución: **ata o 15 de maio.**

b) Prazo de presentación para a segunda resolución: **do 1 ao 30 de xuño.**

c) Prazo de presentación para a terceira resolución: **do 1 de xuño ao 31 de outubro.**

As solicitudes que non foren adxudicatarias na resolución correspondente pasarán a terse en conta nas resolucións seguintes.

Os candidatos interesados deberán presentar unha instancia segundo o modelo do anexo I dirixida á Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, xunto coa cal deben achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI

b) Fotocopia do título da Universidade da Coruña (ou fotocopia do resguardo de solicitude de expedición do título)

c) Currículo redactado en lingua inglesa

9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, segundo os modelos que se publican como documentos anexos a esta convocatoria presentaranse:

a) no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña)

b) no Rexistro Auxiliar do campus de Elviña (Rexistro Auxiliar de Elviña, Casa do Lagar)

c) ou no Rexistro da Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa (rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n, 15403 Ferrol).

10. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A adxudicación das prazas levarase a cabo por parte dunha comisión integrada polos seguintes membros:

D. Luis Barral Losada, vicerreitor de Ferrol e Relacións Universidade-Empresa

D^a. María José Brión Sobrido, vicexerente do Campus de Ferrol

D. José Ángel Felpeto Lamas, Técnico de inserción laboral

11. RESOLUCIÓNS

Emitiranse 4 resolucións nas datas que se indican a continuación:

- a) Primeira quincena de xuño de 2010
- b) Segunda quincena de xullo de 2010
- c) Primeira quincena de novembro de 2010.

Resolución extraordinaria

As prazas que quedaren vacantes despois das renuncias á terceira resolución serán adxudicadas nunha nova convocatoria pública entre as persoas solicitantes que non resultasen adxudicatarias. O criterio de elección será o de nota media. Estas persoas serán requiridas para acudir a ás instalacións da Universidade da Coruña e quen non asistir á dita convocatoria decaerá de todos os seus dereitos.

As listaxes de persoas seleccionadas faranse públicas no taboleiro de anuncios e a páxina web do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, na sección "Actualidade" da páxina web da UDC e na páxina da Oficina de Relacións Internacionais.

Esta resolución esgotará a vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer ben recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro; ou ben recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

12. PRAZOS DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

No prazo de 10 días naturais a partir da publicación das listaxes, as persoas seleccionadas deberán facer chegar o formulario de aceptación ou de renuncia (anexo II) ao Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego do campus da Coruña ou do campus de Ferrol..

Transcorrido este prazo, aquelas persoas que renunciaren á adxudicación decaerán automaticamente dos seus dereitos.

En caso de incumprimento das obrigas ou renuncia posterior dos adxudicatarios, deberán devolver as cantidades percibidas indebidamente.

Para as persoas que foren adxudicatarias na resolución extraordinaria abrírase un prazo tamén extraordinario de 5 días naturais para a entrega da aceptación ou renuncia da bolsa na oficina do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego do campus de Coruña ou do campus de Ferrol.

A Coruña a 16 de abril de 2010

O reitor,

José M^a Barja Pérez

**SOLICITUD PARA LA PRE-INSCRIPCIÓN EN EL PROGRAMA
LEONARDO DA VINCI. PRÁCTICAS HAC LUCE 2010-2011**

DATOS PERSONALES		
Nombre Completo:		
Dirección Completa:		
Población y Código Postal:		
Teléfono:	e-mail:	
Nacionalidad:		
Fecha de Nacimiento:	NIF:	Sexo:

DATOS LABORALES	
¿Trabajas actualmente?	Nombre Empresa:
Sector profesional:	
Nivel de estudios finalizados:	
Cursos realizados:	
Campo profesional donde deseas desempeñar la experiencia, especificar preferencias:	
Numerar la preferencia de Países:	
Alemania	Bulgaria
Italia	Francia
Portugal	Polonia
Reino Unido	

OTROS DATOS		
Conocimiento de idiomas extranjeros: (Poner nada, poco, medio o alto)		
INGLÉS:	ALEMÁN:	OTROS:
FRANCÉS:	ITALIANO:	
¿Por qué te interesa esta práctica laboral en el extranjero?		
¿Fumas?	¿Eres vegetariano?	¿Carné de Conducir?
Enfermedades importantes: (alergias, etc)		
¿Has estado anteriormente fuera de España?		
¿En qué país?		

SR. VICERREITOR DE FERROL E RELACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA
PROTECCIÓN DE DATOS

Para que Fundación Universidade da Coruña pueda prestar sus servicios al cliente, éste deberá proporcionarnos los datos de carácter personal que se indican. De acuerdo con lo establecido en la ley Orgánica 15/1999, de 13 de Diciembre de 1999, de Protección de Datos de carácter personal, el usuario y titular de los datos queda informado, y presta su consentimiento inequívoco de que mediante la cumplimentación del presente formulario sus datos personales quedarán incorporados a los ficheros automatizados de Fundación Universidade da Coruña con el fin de poderle prestar y ofrecer nuestros servicios, así como para informarle de actividades futuras que le puedan ser de interés. Queda igualmente informado sobre la posibilidad de ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición de sus datos de carácter personal en los términos establecidos en la legislación vigente, a través de la dirección de correo electrónico:
fuac@udc.es

Fecha y Firma

ANEXO II

**ESTADÍAS EN PRÁCTICAS EN EMPRESAS EUROPEAS.
PROXECTO PRACTICAS HAC LUCE.
PROGRAMA EUROPEO LEONARDO DA VINCI
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2010-2011**

D./Dna.

con DNI/NIF _____

estudiante de _____

na _____ Universidade _____ da
Coruña _____

ACEPTA

RENUNCIA

a axuda que lle foi adxudicada na convocatoria de estadías en prácticas
HAC LUCE con destino a

A Coruña/ Ferrol, a _____ de _____ de 2010

SR. VICERREITOR DE FERROL E RELACIÓN UNIVERSIDADE-EMPRESA